



Concello do Porriño

BASES DO DESFILE DE COMPARSAS CON PREMIOS Á PARTICIPACIÓN EN PORRIGALIA 2024

Expediente nº 3456/2024

A Concellería de Festas do Concello do Porriño convoca os desfiles tradicionais da festa de Porrigalia 2024.

As presentes bases rexerán a concesión de premios ás Anpas dos centros educativos, ás asociacións culturais e veciñais, os clubs deportivos, todos eles do Porriño e á Asociación Española Contra o Cancro (AECC), pola participación nos desfiles programados polo Concello do Porriño o venres 12 e o sábado 13 de xullo de 2024.

REQUISITOS XERAIS:

a) Participantes

Poderán optar aos premios todas aquelas Anpas, asociacións culturais e veciñais, clubs deportivos do Concello do Porriño e a AECC, integradas por un mínimo de 8 compoñentes, e que acudan caracterizados dunha das civilizacións de Porrigalia: galos, romanos, castrexos, exipcios ou gregos.

b) Inscripcións e prazo

As inscricións poderán presentarse no rexistro xeral do Concello do Porriño de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello do Porriño mediante instancia xenérica.

Achegarán a seguinte documentación de carácter obrigatorio:

- Solicitud de inscrición, que figura como ANEXO I, debidamente cuberta.
- Fotocopia do CIF da asociación.
- Declaración responsable, que figura como ANEXO II, asinada polo presidente/a da asociación de non ter débedas tributarias nin fronte á Seguridade Social.
- Certificado orixinal da conta bancaria da asociación.

Continxencias:

Aquelas asociacións que teñan dificultade coa presentación da tarxeta CIF ou documento de exención do IVE, terán que presentar o documento onde se reflicta que esas solicitudes están en trámite, e que se achegarán unha vez as teñan no seu poder.

Prazos

As asociacións participantes poderán inscribir as súas comparsas dende o día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios municipal e ata o día 30 de xuño de 2024, ambos os días incluídos. Aquelas inscricións realizadas antes ou despois do prazo estipulado nestas bases non serán admitidas, calquera que sexa a causa.

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000 Fax: 986330579





Concello do Porriño

c) Importe dos premios

A cantidade máxima destinada a premios de participación en Porrigalia 2024 establécese en **5.400,00 euros**.

O importe dos premios a cada comparsa participante será o seguinte:

- Premio por asistencia cun mínimo de 8 compoñentes: **300,00 €**

O importe máximo establecido de **5.400,00 euros** repartirase ata acadar esta cifra, e seguindo rigorosamente a orde de inscrición. Aquelas comparsas que desexen participar en Porrigalia fóra deste orzamento, poderán inscribirse pero sen opción ao premio por participación.

Todos os premios estarán suxeitos á normativa fiscal que proceda aplicar.

d) Orde de participación

O desenvolvemento do desfile será por orde de inscrición.

Cada comparsa deberá levar un cartel que indicará o seu nome, o número de compoñentes, así como a orixe olímpica elixida: Galos, Romanos, Castrexos, Exipcios e Gregos.

f) Percorrido do desfile

Os desfiles terán lugar na data e horario sinalados no programa de festas de Porrigalia 2024 o venres 12 e sábado 13 de xullo.

Está totalmente prohibido o uso de animais, sprays ou petardos.

As comparsas desfilarán polos barrios de San Sebastián, San Bieito, rúa Ramón González e a praza A. Antonio Palacios.

g) Valoración de premios

No control das/dos compoñentes de cada unha das comparsas haberá un comité de observación e valoración de premios, nomeado por resolución de Alcaldía e composto por unha serie de membros en número impar.

h) Publicidade

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios municipal e na web do Concello do Porriño.

A participación supón a plena aceptación do disposto nas presentes bases e o incumprimento de calquera das cláusulas dará lugar á perda do dereito de optar aos premios.

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000 Fax: 986330579





Concello do Porriño

ANEXO I - Solicitude de inscrición no desfile de comparsas con premios á participación en Porrigalia 2024

Nome da comparsa:
Número de compoñentes (mínimo 8):
Nome da asociación: CIF:
Nome da persoa responsable: Teléfono: Correo electrónico:
Declaro coñecer as bases que rexen o Desfile de Porrigalia 2024 e cumprilas. Sinatura:

Esta solicitude só será válida se vén acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do CIF da asociación.
- ANEXO II - Declaración responsable asinada polo presidente/a da asociación de non ter débedas tributarias nin fronte á Seguridade Social.
- Certificado orixinal da conta bancaria da asociación.

O responsable dos datos contidos no documento é o Concello do Porriño, a finalidade do tratamento é a de xestionar a inscrición no desfile de Porrigalia 2024. A base do tratamento é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos atribuídos ao/a responsable do tratamento, con base na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Os datos conservaranse mentres se manteña a finalidade, sen prexuízo dos prazos de prescrición legal. Os seus datos non serán cedidos a terceiras persoas, salvo ás que correspondan legalmente. Non haberá transferencia internacional de datos nin se elaborarán perfís. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade, se corresponde, en dpd@oporriño.org. Pode consultar co noso delegado de Protección de datos e/ou solicitar máis información na mesma dirección. Pode acudir ante a autoridade de control www.aepd.es.

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000 Fax: 986330579





Concello do Porriño

ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don / Dona:
Con DNI núm.:
Actuando no nome e representación de:
Con CIF núm.:

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, NON:

- 1.- Estar condenado/a mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- 2.- Ter solicitada a declaración de concurso, ser declarado/a insolvente en calquera procedemento, atoparse en declaración de concurso, estar suxeito/a á intervención xudicial ou ser inhabilitado/a segundo a Lei concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- 3.- Dar lugar, por causa de declaración de culpabilidade, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- 4.- Estar incurso a persoa física, as administradoras das sociedades mercantís ou aquelas persoas que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, en algún dos supostos da Lei 12/1995, de 11 de maio, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño do réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule esas materias.
- 5.- Incorrer no incumprimento de obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- 6.- Ter residencia fiscal no país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- 7.- Incorrer no incumprimento do pago de obrigas por reintegro de subvencións, nos termos que regulamentariamente se determinen.
- 8.- Ser sancionado/a mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003 xeral de subvencións ou a Lei xeral tributaria.

Advertido das responsabilidades legais que se derivan na falsidade de documentos administrativos, asino a presente declaración.

O Porriño, ___ de _____ de 20__

O/A Declarante

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000 Fax: 986330579





Concello do Porriño

O responsable dos datos contidos no documento é o Concello do Porriño, a finalidade do tratamento é a de xestionar a inscrición no desfile de Porrigalia 2024. A base do tratamento é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos atribuídos ao/á responsable do tratamento, con base na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Os datos conservaranse mentres se manteña a finalidade, sen prexuízo dos prazos de prescrición legal. Os seus datos non serán cedidos a terceiras persoas, salvo ás que correspondan legalmente. Non haberá transferencia internacional de datos nin se elaborarán perfís. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade, se corresponde, en dpd@oporriño.org. Pode consultar co noso delegado de Protección de datos e/ou solicitar máis información na mesma dirección. Pode acudir ante a autoridade de control www.aepd.es.

Documento asinado dixitalmente na marxe.

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986335000 Fax: 986330579

Cod. Validación: 6WTSZ3WZZH3YHQ67N5N62HD
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

